

## PLAN DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

**Denominación normativa: Plan de Refuerzo para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que promocione de curso con materias sen superar**

Plan de Refuerzo deseñado atendendo ao disposto no artigo 51º da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 26 de outubro), e ao disposto no artigo 8.3ª da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG do 11 de febreiro)

Ámbito / Materia

Lingua Inglesa

### 1.- Datos de identificación do alumno/a:

Nome e apelidos:

Curso:

4º ESO

Grupo:


### 2.- Información relevante sobre o ámbito / materia sen superar:

- A materia de Lingua Inglesa é una materia con contidos progresivos que ofrece múltiples posibilidades para a súa revisión e recuperación no curso actual.
- Toda a materia se repartirá en dúas convocatorias que recollerán os obxectivos e contidos mínimos para cada curso e que se axustarán ao modelo de exercicios planificados para a súa recuperación.

### 3.- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación:

Realizaranse:

- dúas probas escritas ( novembro e marzo) de vocabulario, gramática, reading ( comprensión lectora) e writing (expresión escrita) cun valor de 5 puntos, e unha proba extraordinaria en maio.
- un boletín de reforzo e repaso para cada proba cun valor máximo de 3 puntos.
- e valorarase a actitude, interese e motivación cun valor máximo de 2 puntos.



#### 4.- Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento:

- Acordouse nunha reunión de Departamento a adaptación das probas para todo o alumnado coa materia pendente.
- Repaso e reforzo continuo no curso con actividades axeitadas ao nivel do alumno.

#### 5.- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento:

- Boletíns de actividades elaborados polo departamento.
- Creación de aulas virtuais de cada grupo de pendentes, onde se colgará o boletín de tarefas e a través das que se comunicará co alumnado.

#### 6.- Tarefas a realizar, coa debida temporización:

- Boletíns de repaso correspondentes a cada proba de pendentes, que se lle entregará ao alumnado con suficiente anterioridade. O boletín de repaso poderá ser correxido con antelación á proba si o alumnado o quere empregar para a preparación da materia pendente, ou o día da proba.

#### 7.- Seguimento e avaliación:

- O profesor que imparte a materia no curso actual é o encargado de correxir e de avaliar o boletín e de puntuar a súa actitude, interese e motivación. De tal xeito, se o alumnado pendente aproba o curso de nivel superior, xa aproba a materia pendente.
- Ao longo do curso todo o profesorado do departamento de inglés estará sempre á súa disposición para a resolución de dúbidas.

#### 8.- Acreditación da información á familia:

- Envío dunha carta informativa con acuse de recibo a cada familia e tamén dispoñible na web do centro con toda a información sobre a realización das probas. Deberán entregar o acuse de recibo que será custodiado en papel pola Xefa de Dpto.
- Información na web do centro das datas de cada proba de pendentes.

En Boiro, a 09 de setembro de 2024

Selo  
do  
centro

Profesorado que imparte o ámbito / materia obxecto do Plan de Reforzo

Asdo.: Rosalía Pérez Alonso